



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interesse Turístico

## PROPOSTA AO PLENO

### **DESIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS, REXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLITICOS**

CELEBRADAS as eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio de 2019, e constituída a nova Corporación con data 15 de xuño de 2019, resulta necesario proceder, de acordo ca lexislación vixente e co Regulamento Orgánico Municipal, ó establecemento da periodicidade das sesións do Pleno.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos cales formen parte, incluídos os Organismos Autónomos.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polos artigos 23 e seguintes do ROF, os Grupos Políticos Municipais teñen dereito a dispor dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que, dadas as posibilidades funcionais deste Concello e á vista que dispón en artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, aconsella a necesidade de asignar unha contía económica de carácter mensual, que conterá un compoñente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do seu número de membros, que non se poderá destinar polos Grupos ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo do Concello, nin á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas, somete ao Pleno do Concello que previa deliberación e exame do expediente da súa razón proceda á adopción dos seguintes

## **ACORDOS**

**PRIMEIRO**:- Determinar como cargos con dedicación exclusiva aos seguintes:

- Titular da Alcaldía-Presidencia
- Titular da Concellería de servizos sociais, servizos municipais e benestar animal.

**SEGUNDO:-** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

| <b>Cargo</b>   | <b>Retribucións anuais brutas</b> |
|--|-----------------------------------|
| Titular da Alcaldía-Presidencia  | 43.000 euros                      |
| Titular da Concellería de servizos sociais, servizos municipais e benestar animal. | 32.000 euros                      |

A percepción destas retribucións será incompatíbel co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e coa de calquera outra retribución con cargo aos presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes. Tamén será incompatíbel coas indemnizacións que se establezan no apartado seguinte.

Ditas retribucións percibiranse en 14 pagas (12 mensuais e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro). Anualmente incrementaranse nos termos que determinen as leis de orzamentos xerais do Estado, para o conxunto dos empregados públicos.

**TERCEIRO:-** Establecer cos mesmos efectos a favor dos membros da Corporación o réxime de indemnizacións seguinte:

- a) Por asistencia ás sesións do Pleno, 140,00 euros/sesión.
- b) Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local, 140,00 euros/ sesión.
- c) Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas, 90,00 euros/sesión.

**CUARTO:-** Establecer a favor dos diferentes Grupos Políticos Municipais, unha indemnización para gastos realizados no exercicio das súas funcións, nas contías seguintes:

- 800,00 euros anuais como cantidade fixa para cada grupo, mais 250 euros anuais por cada concelleiro compoñente do grupo municipal.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós Portavoces dos diferentes Grupos Políticos Municipais e a tódolos Concelleiros, facendo constar a aqueles que foron designados para desenvolver o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, que se entenderá aceptado dito réxime polo afectado, de non manifestar nada ó respecto dentro do prazo das 24 horas seguintes á súa notificación.



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

**SEXTO:** Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O alcalde

Jose Luis Piñeiro Garcia